

Organismo: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

Mediante a Orde do 19 de marzo de 2016 convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei Orgánica de Educación, 2/2006, do 3 de maio, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no artigo 7 da citada convocatoria, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeiro.- Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 8 da citada orde, os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos con data do 1 de setembro de 2016 por un período de un ano e un máximo de seis, e con reserva do posto de traballo de orixe.

Terceiro.- Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interponer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2016

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

ANEXO

Apelidos e Nome	DNI	Denominación da praza
Sobрино Fernández, M ^a Elena	44818540G	Complexo Hospitalario Universitario-Santiago de Compostela
Reinaldo Barcia, Guillermo	36049249S	Secretaría Xeral para o Deporte-Ponvedra
Corveiras Otero, Marta	76573424F	Santo Anxo de Rábade-Lugo
Pérez González, Manuel	34989476J	Secretaría Xeral para o Deporte-Ourense